



INFORME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE REGULA O PROCEDEMENTO PARA O RECOÑECIMENTO DA SITUACIÓN DE DEPENDENCIA E DO DEREITO ÁS PRESTACIÓNS DO SISTEMA PARA A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA, O PROCEDEMENTO PARA A ELABORACIÓN DO PROGRAMA INDIVIDUAL DE ATENCIÓN A A ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DOS ÓRGANOS TÉCNICOS COMPETENTES.

En cumprimento do disposto no artigo 43 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, esta Secretaría Xeral Técnica emite o seguinte **INFORME**,

1. Competencia e obxecto do anteproxecto normativo

No ámbito do Estado, aprobouse a Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, que regula as condicións básicas de acceso ao denominado Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (en adiante SAAD). Na súa parte expositiva establece o obxectivo de configurar un desenvolvemento dos servizos sociais que complemente a acción protectora e poida dar resposta ás necesidades de atención das persoas en situación de dependencia, nos que interveñen no seu marco competencial, as comunidades autónomas e as entidades locais.

No seu artigo 11 atribúese ás comunidades autónomas a planificación, a ordenación e a coordinación, no ámbito do seu territorio, dos servizos de promoción da autonomía persoal e de atención ás persoas en situación de dependencia, así como xestionar os recursos necesarios. Así mesmo, o artigo 12 prevé que as entidades locais participarán na xestión dos servizos de atención ás persoas en situación de dependencia de acordo coa normativa das súas respectivas comunidades autónomas e dentro das competencias que a lexislación vixente lles atribúe.

A propia Lei recoñece, que as necesidades das persoas dependentes foran atendidas fundamentalmente desde os ámbitos autonómico e local, polo que a colaboración entre as comunidades autónomas e as entidades locais é determinante para a atención ás persoas en situación de dependencia e para lograr unha mellor xestión dos servizos, conforme ás competencias que a lexislación vixente lle atribúe.

As prestacións de atención teñen natureza de servizos e prestacións económicas destinadas á promoción da autonomía persoal e á atención das necesidades das persoas con dificultades para a realización das actividades básicas da vida diaria. A oferta de servizos do catálogo do SAAD prestarase a través da oferta pública da rede de servizos sociais das respectivas comunidades autónomas mediante centros e servizos públicos concertados debidamente acreditados (artigo 14).

No marco competencial exclusivo en materia de asistencia social establecido no artigo 148 da Constitución española e no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobouse polo Parlamento galego a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, que ten por obxecto estruturar e regular como servizo público os servizos sociais en Galicia. No seu artigo 3, un dos obxectivos do Sistema Galego de Servizos Sociais é «garantir a vida independente e a autonomía persoal das persoas en situación de dependencia integrando, para estes efectos, o catálogo de prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia». Os poderes públicos galegos garanten como dereito recoñecible e exixible o dereito das persoas aos servizos sociais que lles correspondan en función da valoración obxectiva das súas necesidades,





a fin de posibilitar que a súa liberdade e igualdade sexan reais e efectivas, removendo os obstáculos que impiden ou dificultan a súa plenitude e facilitando a participación de todas e todos na vida política, económica, cultural e social.

Anteriormente, o Consello da Xunta de Galicia, ao abeiro da competencia exclusiva en materia de servizos sociais e de conformidade coa Lei 39/2006, do 14 de decembro, aprobou o Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia. Tras a aprobación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, o dito decreto foi derogado polo vixente Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

A través do vixente Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, avanzouse no desenvolvemento da atención e prevención da situación de dependencia e a consolidación dos seus dereitos, así como de todas aquelas persoas usuarias do Sistema Galego de Servizos Sociais con anterioridade á entrada en vigor da normativa específica en materia de dependencia.

Posteriormente, o decreto foi modificado polo Decreto 148/2011, do 7 de xullo (artigo 39 e disposicións adicionais cuarta e quinta), polo Decreto 149/2013 do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo en virtude da súa disposición derradeira segunda (artigos 22, 47 e 49), polo artigo 29 da Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (artigos 9, 27 e 44) e polo artigo 24 da Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (artigos 37 e 45). A súa vez, aprobouse a Orde do 2 de xaneiro de 2012 de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e a atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, coas sucesivas modificacións.

2. Necesidade e oportunidade

Á vista da evolución da implantación do sistema de atención á dependencia na Comunidade Autónoma e das súas dificultades, en aplicación dos principios que rexen a actuación administrativa, entre eles a simplicidade, claridade e proximidade aos cidadáns, a participación, obxectividade e transparencia, a racionalización e axilidade nos procedementos administrativos, a responsabilidade pola xestión pública, a eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados, e a eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, e tendo en conta as novidades no procedemento administrativo común a través da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, así como a normativa autonómica de que garante a calidade dos servizos, presentase unha nova disposición normativa que, co obxectivo de dotar a regulación da maior seguridade xurídica, avance no desenvolvemento da atención e prevención da situación de dependencia en aras de garantir unha maior axilidade e eficacia nos procedementos de valoración da dependencia e da elaboración do Programa Individual de Atención, establecéndose un único procedemento, máis áxil e cunha menor carga burocrática que permita dar unha resposta máis rápida ás demandas da sociedade galega.



3. Estrutura do proxecto normativo.

Precedido do título e da parte expositiva, a estrutura deste proxecto normativo comprende 42 artigos divididos nun Título preliminar e tres títulos subdivididos en capítulos e seccións, dúas disposicións adicionais, unha disposición transitoria, unha derogatoria e tres derradeiras como a continuación se indica:

TÍTULO PRELIMINAR

CAPÍTULO I. Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación*

Artigo 2. *Persoas titulares do dereito*

Artigo 3. *Catálogo de servizos do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia*

Artigo 4. *Prestacións económicas do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia*

Artigo 5. *Integración no Sistema Galego de Servizos Sociais*

Artigo 6. *Competencias das administracións públicas*

Artigo 7. *Seguimento das prestacións, axudas e beneficios e acción administrativa contra a fraude*

CAPÍTULO II. Órganos do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia en Galicia.

Artigo 8. *Órganos de valoración e asesoramento da dependencia. Distribución territorial e composición*

Artigo 9. *Funcións dos órganos de valoración e asesoramento da dependencia*

Artigo 10. *Persoal técnico de valoración da situación de dependencia*

Artigo 11. *Funcións do persoal técnico de valoración*

Artigo 12. *Unidade de Coordinación da Dependencia*

Artigo 13. *Funcións da Unidade de Coordinación da Dependencia*

TÍTULO I. Recoñecemento da situación de dependencia e elaboración do Programa Individual de Atención

CAPÍTULO I. Procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e para a elaboración do Programa Individual de Atención

Sección 1ª. Iniciación

Artigo 14. *Iniciación do procedemento e presentación da solicitude*

Artigo 15. *Verificación dos datos achegados.*

Artigo 16. *Réxime de infraccións e sancións*

Sección 2ª. Ordenación e instrución



Artigo 17. *Instrución do procedemento*

Artigo 18. *Orde de prelación na tramitación dos procedementos*

Artigo 19. *Tramitación dos procedementos nos supostos de emerxencia social*

Artigo 20. *Citación para a valoración da situación de dependencia*

Artigo 21. *Requirimento de documentación*

Artigo 22. *Valoración da situación de dependencia*

Artigo 23. *Ditame proposta sobre o grado de dependencia e o Programa Individual de Atención*

Sección 3ª. Terminación

Artigo 24. *Resolución*

Artigo 25. *Desistencia e renuncia*

Artigo 26. *Efectividade do dereito ás prestacións económicas*

Artigo 27. *Silencio administrativo*

Artigo 28. *Recurso de alzada*

CAPÍTULO II. Revisión do grao de dependencia e do Programa Individual de Atención.

Artigo 29. *Revisión do grao de dependencia*

Artigo 30. *Revisión do Programa Individual de Atención*

TÍTULO II. Xestión das prazas dos servizos

Artigo 31. *O programa da asignación de recursos*

Artigo 32. *Asignación de prazas nos centros e servizos*

Artigo 33. *Asignación de prazas vacantes no servizo de axuda no fogar*

TÍTULO III. Pago e xustificación das prestacións económicas, procedemento de reintegro das prestacións indebidamente percibidas e devolución de ingresos indebidos

CAPÍTULO I. Pago e xustificación das prestacións económicas

Artigo 34. *Pagamento e xustificación do mantemento do dereito á prestación económica vinculada ao servizo*

Artigo 35. *Pagamento da prestación económica de coidados na contorna familiar*

Artigo 36. *Pagamento e xustificación do mantemento do dereito á prestación económica de asistencia persoal*

CAPÍTULO II. Procedemento de reintegro das prestacións indebidamente percibidas

Artigo 37. *Ámbito de aplicación*

Artigo 38. *Procedemento de reintegro*

Artigo 39. *Desconto da prestación económica*



Artigo 40. *Regras de determinación dos descontos*

Artigo 41. *Notificación ao departamento territorial da Consellería de Facenda*

CAPITULO III. Devolución de ingresos indebidos

Artigo 42. *Devolución de ingresos indebidos*

Disposición adicional primeira. *Equipos técnicos de valoración da discapacidade*

Disposición adicional segunda. *Persoas que teñan recoñecida a necesidade da asistencia de terceira persoa de acordo coa normativa reguladora do procedemento para o recoñecemento e cualificación do grao de discapacidade*

Disposición transitoria única. *Procedementos iniciados*

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*

Disposición final primeira. *Procedementos de coordinación sociosanitaria*

Disposición final segunda. *Desenvolvemento e execución*

Disposición final terceira. *Entrada en vigor*

O título preliminar conta con dous capítulos, o capítulo I contén as disposicións xerais para a aplicación da norma, tales como o obxecto e o ámbito de aplicación; as persoas beneficiarias; o catálogo de servizos e prestacións económicas; as competencias das distintas administracións públicas, destacando a participación no desenvolvemento da Lei das entidades locais; e faise fincapé no seguimento das prestacións e axudas concedidas. Tamén regula, no seu capítulo II, os órganos do Sistema para a Promoción e Atención á Dependencia en Galicia.

O título I establece os trámites para o recoñecemento da situación de dependencia e a elaboración do Programa Individual de Atención.

No seu capítulo I diseña un único procedemento para o recoñecemento da situación da dependencia e a elaboración do Programa Individual de Atención. O procedemento iníciase a instancia da persoa interesada ou, no seu caso, de quen exerza a súa representación, reducíndose considerablemente a documentación para presentar coa solicitude e potenciándose a comprobación de datos por parte da Administración, na liña de facilitar a súa resolución coa maior axilidade posible, sen ter que reclamar a intervención da persoa interesada máis que naquilo que sexa estritamente necesario. Desta maneira evítase unha excesiva burocratización, co fin de dar unha resposta máis áxil ás persoas interesadas. Mantense a regulación do procedemento de emerxencia prevista na normativa anterior e establécese o prazo máximo de seis meses para ditar e notificar a resolución, entendéndose desestimada a solicitude ao vencemento do devandito prazo sen notificarse a resolución.

No capítulo II régúlase a revisión do grao de dependencia e do Programa Individual de Atención. A revisión do grao de dependencia estará condicionada ás causas establecidas no artigo 30 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, e na súa normativa de desenvolvemento. O procedemento de revisión iníciase de oficio ou a solicitude da persoa interesada ou, no seu caso, de quen exerza a súa representación, sendo de aplicación ao mesmo as normas establecidas para o recoñecemento da situación de dependencia.

O Programa Individual de Atención poderase revisar de oficio ou a solicitude da persoa interesada ou, no seu caso, de quen exerza a súa representación, sendo de aplicación ao





procedemento de revisión as normas establecidas para a elaboración do Programa Individual de Atención.

No título II regúlase a xestión das prazas dos servizos. O programa de asignación de recursos é o instrumento a través do cal se asignan os recursos aplicando os criterios de prioridade que se prevén na norma. A asignación de prazas vacantes a persoas incluídas no programa de asignación de recursos en centros do sistema galego de servizos sociais será efectuada polo órgano superior competente en materia de admisión nos centros e servizos para as persoas en situación de dependencia. No caso do servizo de axuda no fogar, serán os concellos titulares do servizo os que darán de alta ás persoas en espera de acordo coa orde de prelación establecida no programa de asignación de recursos. Para estes efectos garantirase aos servizos sociais comunitarios municipais acceso actualizado ao devandito programa de asignación de recursos.

No título III, dividido en tres capítulos, regúlase o pago e a xustificación das prestacións económicas, o procedemento para o reintegro das cantidades percibidas indebidamente e a devolución dos ingresos indebidos, para os efectos dun seguimento e control exhaustivo das prestacións concedidas e na procura e detección de posibles actuacións fraudulentas. Ao mesmo tempo, regúlase un procedemento de reintegro a través de descontos nas prestacións para facilitar a devolución do percibido indebidamente.

Entre as disposicións cabe destacar a disposición transitoria primeira, onde se establece a aplicación desta norma aos expedientes xa iniciados, conservándose os trámites realizados co obxecto do beneficio das melloras introducidas.

Por último, na disposición final primeira regúlase o establecemento de procedementos de coordinación sociosanitaria, en conexión coa recente creación da comisión para o mesmo fin.

En conclusión, da parte expositiva e das memorias que acompañan ao anteproxecto, desprendese que a nova regulación busca optimizar os recursos e axilizar o procedemento na procura dunha pronta resposta á cidadanía. Ao respecto, co inicio da tramitación procedeuse a efectuar a consulta pública previa coa participación da dita cidadanía e dos colectivos directamente afectados a través da aportación das súas alegacións e suxestións.

4. Tramitación da disposición xeral normativa.

Respecto á instrucción da tramitación do procedemento de elaboración do proxecto normativo, este debe acomodarse ás prescricións contidas nos artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, así como ao disposto nos artigos 127 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Tras o acordo de inicio da tramitación ditado pola persoa titular da entón Consellería de Política Social o 29 de outubro de 2021 e tras o referido trámite da consulta pública previa aberta dende o 2 ao 17 de novembro de 2011, coa recepción de 15 opinións, na Subdirección Xeral de Coordinación Administrativa da Consellería recibese o texto do Anteproxecto de Decreto polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención a a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, acompañado da seguinte documentación:

. A memoria xustificativa sobre a legalidade, acerto e oportunidade.



- . A memoria económica.
- . Táboa de vixencias.

Coa dita documentación xuntase o informe da avaliación do impacto demográfico.

De acordo co artigo 41 da lei 16/2010, do 17 de decembro, unha vez aprobado o anteproxecto normativo, cada consellería publicará na súa páxina web a relación circunstanciada e motivada dos procedementos de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral que estean en tramitación. Ao respecto, tras a aprobación inicial o 31 de marzo de 2021, procedeuse a publicar o xa proxecto de decreto para a emisión das suxestións por parte da cidadanía e dos colectivos directamente afectados a través do Portal de Transparencia da Xunta de Galicia.

Concretamente con data 8 de abril de 2022 procedeuse á apertura da participación para o envío de suxestións a través do portal de transparencia da Xunta de Galicia, normativa en tramitación. O prazo para formular suxestións rematou o 2 de maio de 2022 recibíndose pola dita canle as 11 suxestións que se relacionan:

- . Persoa física ALS o 8 de abril de 2022.
- . Persoa física EVLDG o 12 de abril de 2022.
- . Persoa física RMF en representación do SERGAS o 12 de abril de 2022.
- . Persoa física RPC o 26 de abril de 2022.
- . Persoa física BHV en representación de FEGADACE o 28 de abril de 2022.
- . Persoa física SCN en representación da Federación Down Galicia o 2 de maio de 2022.
- . Persoa física SGR en representación do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia o 2 de maio de 2022.
- . FADEMGAL PLENA INCLUSIÓN GALICIA o 2 de maio de 2022.
- . FADEMGAL PLENA INCLUSIÓN GALICIA novamente o 2 de maio de 2022.
- . Persoa física MJPP en representación de COGAMI o 2 de maio de 2022.
- . Persoa física MTS en representación de ASPACE GALICIA o 2 de maio de 2022.

Dada a incidencia da disposición normativa procedeuse a estender a participación coa apertura da información pública a través do Anuncio do 1 de abril de 2022 publicado no *Diario Oficial de Galicia* nº 68, do 7 de abril de 2022.

Ademais das suxestións recibidas a través do portal de transparencia, recibense as formuladas polo Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia, as persoas físicas VMC, CFA como terapeutas ocupacionais e a persoa física MCFE.

Das alegacións, suxestións e observacións recibidas e do seu tratamento consta informe que obra no expediente.

Así mesmo, o proxecto remitiuse aos órganos e entidades do sector público autonómico.

Por outra banda, visto o contido do proxecto normativo, nesta fase intermedia recabarónse os seguintes informes:

- . Observacións da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica á análise do impacto demográfico do proxecto normativo.
- . Solicitude do informe á Comisión Galega de Cooperación Local e á Federación Galega de Municipios e Provincias que se pronuncia sobre o proxecto normativo.
- . Informe de impacto de xénero da Secretaría Xeral de Igualdade.
- . Informe da Dirección Xeral da Función Pública.
- . Certificación do informe do Consello Galego de Benestar Social.
- . Informe da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.
- . Informes da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa.

Finalizada a fase intermedia, na fase final da tramitación o proxecto someteuse ao preceptivo informe da Asesoría Xurídica, que o emitiu con data 8 de marzo de 2023. Tras os antecedentes, as observacións de carácter xeral sobre o procedemento e natureza executiva da disposición



normativa, os antecedentes e o marco normativo e as observacións xerais de técnica normativa, no informe recollense observacións ao artigos 8, 12, 13,15, 17, 25, 34, a disposición derogatoria, así como sobre a regulación dos supostos de falecemento das persoas solicitantes durante a tramitación.

Nos artigos 8, 9 e 13 sobre a adscrición dos órganos de valoración e da Unidade de coordinación da dependencia, xustifícase a redacción do proxecto.

En relación ao artigo 15 e aos efectos do cumprimento das directrices de técnica normativa aceptase a observación.

En relación ao artigo 17 sobre a prelación da tramitación aceptase.

Sobre o artigo 25 revisase o título aceptando a observación mais mantense a redacción por entender a ausencia da contradición.

Sobre o artigo 34 revisase a redacción aos efectos de evitar reiteracións innecesarias.

Na disposición derogatoria única revisase a referencia normativa.

Por último sobre o tratamento das persoas solicitantes nos supostos de falecemento durante a tramitación, enténdese que a redacción axustase ao ordenamento xurídico aos efectos da interposición das accións no exercicio dos dereitos sen necesidade do seu tratamento neste decreto.

O exposto recollese no informe do tratamento das observacións ao informe emitido que figura no expediente.

5. Legalidade

O proxecto elevarase á aprobación da persoa titular da Consellería de Política Social e Xuventude.

De acordo co indicado considerase que este proxecto de Decreto, reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade e axustase á legalidade vixente, polo que esta secretaría xeral técnica informa favorablemente o **proxecto de Decreto polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención a a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.**

Asínase o informe no lugar e na data da sinatura dixital

A secretaria xeral técnica

María Francisca Gómez Santos

